

Todo vai saír ben!!

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL
SEMANA 20/04/20 - 24 /04/20



1.- PINTEREST: A través do enlace en pinterest

<https://www.pinterest.es/educacioninfantilcanosarus/> podedes atopar diferentes tableiros, cada un deles trata acerca dunha área. Concretamente no tableiro de lectoescritura atoparedes propostas para traballar o nome. A continuación poñovos mediante imaxes algunhas tarefas que podedes facer acerca de isto:

INICIAL DO NOME

- Sobre unha base plana, podedes empregar diferentes materiais para o trazo da letra inicial: azucre, área...
- Facemos sobre un papel o trazo da letra inicial e o neno/a pode recorrer o trazo facendo con plastilina, por exemplo.
- Simular a letra inicial con obxectos que temos pola casa: pínzas da roupa, botón, pedras, macarróns, lentellas...
- Recorrer o trazo da nosa letra cun xoguete: coche...



Todo vaí saír ben!!

ORDEAMOS AS LETRAS

Para facer esta actividade axudamos primeiro aos nenos/as a escribir o seu nome e despois procedemos a ordear as letras que o conforman facendo uso de distintos materiais: pinzas, tapóns, recortes de revistas...



2.- CELEBRACIÓN DÍA DO LIBRO (23 de Abril)

O día 23 é o día do libro e Leoteca está preocupada xa que perdeu os seus anteollos. Ponse en contacto con nós para decírnos que alguén lle roubou os anteollos e temos que facer uns retos que nos amosa na carta para axudarlle a encontralos. Entrade no seguinte link e descubride o que temos que facer: <http://bibliocanosa.blogspot.com/>.


3.- XOGOS INTERACTIVOS

→ Colorear <https://www.colorear-online.com/>


→ Rompecabezas <https://www.juegosinfantilespum.com/rompecabezas-puzzles/index.php>



4.- XOGO "BÚSQUEDA DO TESOURO". En ocasións anteriores faleivos deste xogo de pistas que podedes facer na casa. Se aínda non o fixestes deixovos imaxes que vos poden dar unha idea.









5.- **IOS ESCARBADENTES MÁXICOS!:** Esta proposta é un experimento moi sinxelo. Na páxina de Pinterest tedes un vídeo que explica como se fai por si vos resulta máis doado.

Os **materiais** que se necesitan serían os seguintes:


◇ 5 escarbidentes.

◇ Auga.

◇ Cuchara

Procedemento:

1. Dobra os escarbidentes a metade en forma de "v". É importante que non cheguen a partirse.
2. Colocaos sobre unha superficie lisa formando un círculo cos vértices hacia dentro (como se pode ver na imaxe).
3. Engade unhas gotas de auga no centro do círculo.
4. Estate moi atento/a e verás como os escarbidentes se van movendo pouco a pouco formando unha estrela.



Todo vaí saír ben!!



6.- **RUTINA DIARIA TIPO:** Podedes seguir a traballar coas rutinas propostas a semana pasada debido a importancia que exercen nestras primeiras idades.

Lembravos que a tarefa do día do libro se enviará tanto ao correo de leoteca (Leoteca@ceipcanosarus.net) Como ao correo tareas.educacioninfantil3anos@gmail.com

MÚSICA E PSICOMOTRICIDADE

Bo día familias, esta semana propoñovos o primeiro reto e dous circuitos de psicomotricidade. Os circuitos e os retos atópanse subidos ao canle de youtube do centro, polo que facilitovos os enlaces.

Círculo 1: <https://youtu.be/52uufgi-gro>

Círculo 2: <https://youtu.be/0oTLvXDr7GU>

Reto 1: <https://youtu.be/nBoXdlgBbJ8>

Se vos apetece e tedes tempo podedes xogar ao director de orquesta: un dos participantes marcha da habitación, entón escóllese un director de orquesta, sen que o xogador que quedou fóra non o saberá. O director de orquesta marcará un son que os demais deberá imitar. A función do xogador que quedou fóra deberá adivinar quen é o director.

Se tedes algunha dúbida ou para enviar fotografías ou vídeos das actividades propostas podedes contactar connmigo a través do correo electrónico: luciapajaro60@gmail.com.

Todo vai saír ben!!



Esperamos que foran de axuda estas indicacións e calquer cousa que precisedes tanto por abalar como mediante o correo electrónico

tareas.educacioninfantil3anos@gmail.com, estamos en contacto. Así mesmo, os

especialistas estarán á vosa disposición mediante os correos indicados. No caso de

Psicomotricidade e música é o seguinte: luciapajaro60@gmail.com

UN SAÚDO E QUE PASEDES UNHA FELIZ SEMANA